

A música

Gústache a música? Xa sabes que as cancións se compoñen de música e letra. Moitas veces os cantantes buscan as letras das súas cancións en textos de poetas. Pois iso foi o que aconteceu cos poemas de Manuel María; moitos cantantes e grupos galegos musicaron as súas poesías. Grupos como A Quenlla, Fuxan os Ventos, ou cantantes como Suso Vaamonde, Miro Casavella ou María Manuela. Por desgraza, non é fácil escoitar nas radios galegas a música do noso país; preguntácheste algunha vez cal será a razón?

Suso Vaamonde cantaba aquí acompañado de Manuel María unha canción que seguramente ti tes escoitado moitas veces. É aquela que comeza así:

*Caracol, col col;
caracol caracoleiro:*



O CUCO

*O cuco cuco cuqueiro.
O cuco , cuco, cucón.
¡ Madrugón e cantareiro!
¡ Cantareiro e madrugón!*

*Óise pola carballeira
o vello cuco souril
ó nacer a Primavera
entre o Marzo e o Abril.*

(Suso Vaamonde)

O CARRO

*Non canta na Chá ningún.
Por eso o meu carro canta.
Canta o seu eixo tan ben
que a señardade me espanta.*

*Non hai canto tan fermoso:
fino como un asubío.
Anque é, ás veces, saudoso,
faise, no ar, rechouchío.*

(Fuxan os ventos)





BANDO

*Prohíbese, por orde da Alcaldía,
que medren porque si
as rosas do xardín municipal.
Dende agora as pombas teñen
que pedir licencia pra voar.*

(A Quenlla)

Apuntámosche algunhas estrofas desas cancións dicíndoche quen as canta para que che sexa máis fácil pedirllas ao teu profe de música, ou na emisora de radio do teu concello...

1 O cuco é un nome moi sonoro que lembra o canto do paxaro: cucu-cucu.. e que permite facer rimas moi sinxelas; olla esta:

cu-cu,
tapa o cu,
deixa o meu
e tapa o teu.

Es quen de inventar algo semellante?

2 Se ás estrofas que inventastes lles poñedes unha música coñecida, a da saia da Carolina por exemplo, podedes fabricar un superéxito. Veña! Mans á obra!

Manuel María mantivo un constante interese por todas as creacións e manifestacións populares, recoñecendo e valorando a sabiduría que encerran:

Os primeiros poemas líricos populares, xurdiron, posiblemente, en xeito de canción dos beizos dun pegureiro, dun mariñeiro, dun labrego, dun camiñante. Estes poemas eran unha compañía para o cantor, e, ao mesmo tempo un diálogo co mundo circundante, coa paisaxe.

Andando a Terra

3 Pregúntalle ao teu avó e á túa avoa se coñecen algunha cantiga popular. Podedes facer unha recolleita e con todas elas un bonito libro para a biblioteca do voso centro. Non esquezades as ilustracións!